



**CONVENIO DE COLABORACIÓN CULTURAL ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA DA XUNTA DE GALICIA E A ASOCIACIÓN
CULTURAL E PEDAGÓXICA PONTE NAS ONDAS PARA PARA O DESEÑO E ELABORACIÓN
DE UNIDADES DIDÁCTICAS DE CONTIDOS DE PATRIMONIO INMATERIAL PARA
EDUCACIÓN PRIMARIA E EDUCACIÓN SECUNDARIA**

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O secretario xeral de Cultura da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

DECLARA:

Que esta Secretaría Xeral de Cultura ten previsto formalizar coa Asociación Cultural e Pedagóxica Ponte nas Ondas o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2017

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

A colaboración coa Asociación Cultural e Pedagóxica Ponte nas Ondas para o deseño e elaboración de Unidades Didácticas de contidos de patrimonio inmaterial para Educación Primaria e Educación Secundaria

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:





Neste ano 2017 a Asociación Cultural e Pedagóxica Ponte nas Ondas ten previsto dar continuidade ao labor de difusión e transmisión do patrimonio cultural galego-portugués que se ven desenvolvendo dende hai dúas décadas. O deseño e elaboración das Unidades Didácticas pretende seguir sendo a referencia para o encontro da cultura común galego-portuguesa.

Un dos obxectivos desta actividade é achegar o noso patrimonio as novas xeracións para evitar que moitas das manifestacións da cultura común non sexan descoñecidas polas novas xeracións debido á perda da cadea de transmisión. Os destinatarios preferentes son os alumnos dos centros educativos que terán nestas Unidades Didácticas as ferramentas de traballo dos contidos de Patrimonio Inmaterial e de Tecnoloxías da Información.

O labor de transmisión do patrimonio cultural ás novas xeracións por parte da Asociación realízase empregando as tecnoloxías da información e da comunicación, que permite no eido da pedagogía, como xeito novedoso de transmisión, afrontar novas abordaxes e recreacións deste patrimonio.

De acordo co artigo 26 da Lei de Subvencións non é posible promover a concorrência pública para a realización destas actividades, por canto se trata de actividades únicas e de especiais características, xa que a plataforma educativa da asociación escolasnasondas.com, punto de encontro das escolas galegas e portuguesas, é a canle e elemento difundidor de todas as experiencias que xurdan nas escolas arredor do Patrimonio Cultural, instigadas polas Unidades Didácticas que se van realizar. A elaboración de Unidades Didácticas é unha iniciativa que implica a alumnos de centros educativos e promocionan a lingua e a cultura galega no mundo. Estas actividades forman parte do patrimonio da asociación, que ten sido recoñecida por diversas entidades e institucións.





Por todo o anterior é a Asociación Cultural e Pedagóxica Ponte nas Ondas a que posúe a especificidade como beneficiario así como a da actuación subvencionada e o interese social da axuda concedida.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela a 28 de marzo de 2017

